

# Más de 120.000 personas visitaron la ciudad en 2025 para asistir a congresos profesionales

Redacción / A Coruña

Los congresos son uno de los más importantes activos turísticos de A Coruña. Se denomina MICE (por sus siglas en inglés). Durante el año pasado, se celebraron 83 de estos congresos profesionales, en los que participaron 120.000 personas, lo que supone un 20% más que el año anterior.

Algunos, como los congresos médicos o Mundos Digitales, han sido muy importantes, y este año, con motivo del eclipse solar total del 12 de agosto, se van a celebrar dos congresos sobre el tema. El New Frontiers in Cosmology 2026 y el Third Solar MHD Conference, entre el 10 y el 14 de agosto. Estos hechos los destacó el concejal de Turismo,

Gonzalo Castro, que ayer acudió al Club Cámara Noroeste para anunciar que la ciudad acogerá, del 27 al 29 de septiembre, el MIS International 2026 que es un punto de encuentro profesional entre organizadores MICE internacionales, destinos y empresas especializadas en el sector de eventos. Y destacó su "enorme potencial". ●



Gonzalo Castro, ayer, durante la presentación | AITANA ÁLVAREZ

## Arteixo

### ANUNCIO

En data 16/02/2026 ditouse resolución con número 382/2026, relativa ao asunto "Aprobación inicial do Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas para Instalacións deportivas en Morás. Expte.- 7/2018.PEDI), onde se RESOLVE:

**PRIMEIRO.** Avocar a competencia asumida pola Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Resolución desta Alcaldía de delegación de competencias con data do 19/06/23, para coñecer do procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, hoxe en concreto o contido no expediente 2019/U035/00003, de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.868/1986, do 28 de novembro.

**SEGUNDO.** Asumir a competencia para coñecer do procedemento 2019/U035/000003 por esta Alcaldía-Presidencia.

**TERCEIRO.** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que produza efectos desde o mesmo día da súa firma, de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución aos interesados no procedemento, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**QUINTO.** Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local, na seguinte sesión que se celebre.

**SEXTO.** Aprobar inicialmente o PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS E INFRAESTRUTURAS PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EN MORÁS presentado o día 10/02/26 (202699900001381) para a súa aprobación inicial, pola entidade FERNANDEZ CARBALLADA E ASOCIADOS SLP, asinado polos arquitectos don Álvaro Fernández Carballada, dona Beatriz Aneiros Filgueira e dona Laura Fernández Suárez que as substitúe ao presentado o día 12/01/26.

**SÉTIMO.** Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e anunciarase, ademais, nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o devandito período quedará o expediente ao dispor de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello

**OITAVO.** Suspender o outorgamento das licenzas nas áreas afectadas pola aprobación do Plan Especial, que abarca a totalidade do ámbito de actuación do plan e está determinado no documento denominado resumo executivo e terá unha duración de dous anos, a contar desde a aprobación inicial, extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do Plan Especial.

Esta suspensión non será de aplicación:

- Ás obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio, non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.

- Ás licenzas de primeira ocupación.

- Aos proxectos que cumpran simultaneamente o PXOM en vigor e o Plan Especial en tramitación, sempre que este fose aprobado inicialmente.

- Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, a condición de que se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados no Plan Especial

**NOVENO.** Notificar individualmente o trámite de información pública a toda as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

**DÉCIMO.** Solicitar ás Administracións afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe para os efectos regulados na Lexislación sectorial:

- Ministerio de Transportes e Movilidad Sostenible
- Axencia Galega de Infraestruturas
- Augas de Galicia
- Patrimonio Cultural

- Ministerio de Transformación Dixital e Administración Pública (telecomunicacións).

Os informes sectoriais autonómicos haberán de ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable.

Deben actualizarse aqueles informes das empresas subministradoras susceptibles de actualización.

Dando cumprimento aos puntos TERCEIRO e SÉTIMO, publícase anuncio no Boletín Oficial da Coruña, no Diario Oficial de Galicia e no Ideal Galego.

Dando cumprimento aos puntos CUARTO e NOVENO, tentouse a notificación a todos os titulares catastrais, fóra de:

#### 1.-Parcelas en investigación.

REFERENCIA CATASTRAL	TITULAR
15005A069001570000PB	EN INVESTIGACION
15005A069001610000PY	EN INVESTIGACION
15005A069001620000PG	EN INVESTIGACION
15005A069001630000PQ	EN INVESTIGACION
15005A069001640000PP	EN INVESTIGACION
15005A077000180000PO	EN INVESTIGACION

#### 2.-Titulares con dirección descoñecida:

REFERENCIA CATASTRAL	TITULAR
15005A077000220000PA	CAMPELO CEREIJO JOSE
15005A077000370000PA	CASAS POMBO CARMEN
15005A077000190000PK	FERREIRO FERNANDEZ PILAR
15005A069001630000PQ	IGLESIAS BLANCO DOLORES
15005A077000100000PY	IGLESIAS PUENTE DOMINGO
15005A077000220000PK	IGLESIAS SANCHEZ JOSE
15005A077000490000PM	IGLESIAS VIÑAS MANUEL
15005A077000270000PJ	LOPEZ TRIGO PEDRO, HDOS
15005A077000130000PP	MARTINEZ DOMINGO
15005A077000250000PX	MARTINEZ ORGEIRA JOSE, HDOS
15005A077000260000PI	MARTINEZ ORJEIRA JESUS
15005A077000670000PH	PARDO ORJEIRA JOSE, HDOS
15005A077000090000PQ - 15005A077000230000PR	POMBO CAPELAN MANUEL, HDS
15005A077000320000PS	VIÑAS BERMUDEZ CARMEN HROS

Dando cumprimento ao punto QUINTO, deuse conta da resolución á Xunta de Goberno Local celebrada o mércores 25 de febreiro de 2026.

Asinado dixitalmente na data do documento por D. Luís Alberto Castro Calvete, Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo. P.D. 1243/2025 de 08/05/2025.